



Antonio Reigosa: “Perdemos a nosa capacidade para interpretar o simbólico”

Da man de LAR libros, o cronista oficial de Mondoñedo publica 'Cen historias máxicas pola Mariña encantada', unha antoloxía de lendas dos municipios da comarca

17 Agosto, 2020

[Redacción](#) **Juan Maya**

<https://xornaldamariña.gal/cultura/63594-antonio-reigosa-perdimos-a-nosa-capacidade-para-interpretar-o-simbolico/>

O escritor e cronista oficial de **Mondoñedo**, [Antonio Reigosa](#), vén de presentar o seu libro titulado ‘**Cen historias máxicas pola Mariña encantada**’. Unha obra que, en palabras do propio autor, “pretende ser a aeronave imaxinaria que permita axudar a levar as lendas e as memorias do noso imaxinario”.

O libro reúne nas súas 200 páxinas máis de **cen historias máxicas** pertencentes aos **quince concellos** da Mariña e conta con **ilustracións** do artista viveirés **Xosé Luis Neira Brochs**. O volume chegará ás librerías galegas a **vindeira semana** nunha edición encadernada en tapa dura con sobrecuberta a un prezo de **25 euros**.

[LAR libros](#), o selo editorial responsable da publicación do libro, agradeceu a “estimable colaboración” do departamento de Cultura da **Deputación Provincial de Lugo** que facilitou a viabilidade do proxecto ao comprar **douscentos exemplares**.

P. — Como nace a idea de publicar este libro?

R. Pois é unha idea vella. Eu son de Mondoñedo e levo moitos anos investigando a literatura de tradición oral. Unha das necesidades ou ilusións que tiña era traballar o material da Mariña. Este libro é unha especie de antoloxía, non é un inventario. É o primeiro manual sobre o lendario dos quince concellos das tres Mariñas. Había esa necesidade, esa ilusión, e deuse a circunstancia de que **Libros Lar** estaba interesada en publicalo e **Neira Brochs** en ilustralo.

— **Vostede utiliza o “fértil campo de lendas ritos e mitos” da Mariña. Pensa que a nosa mitoloxía non é demasiado coñecida ou mesmo que non hai demasiado interese por ela?**

Aquí xúntanse varios asuntos. O interese xérase na medida na que a xente coñece o patrimonio como este, intanxible e complexo de entender pola súa simboloxía e que **non forma parte do currículo escolar**. Todo o mundo sabe onde hai unha catedral, unha igrexa románica ou unha ponte interesante, pero pouca xente sabe onde hai lendas que merecen a pena salvo no seu entorno.

Eu creo que o interese polo patrimonio inmaterial hai que **xeralo** e hai que facelo **divulgando**, axudando a entender un pouco máis o que significan os mouros, os encantos, os tesouros, as doncelas, as sereas...

— **Supoño que unha das lendas que aparecen no libro será a da Maruxaina de San Cibrao.**

Por suposto. Partindo dunha lenda moi sinxela dunha serea como é a da Maruxaina montouse unha festa en San Cibrao dunha magnitude enorme. Aínda que é antolóxico e non está igual de estudado o patrimonio lendario, neste caso eu quería que todos os concellos estiveran representados, mais hai concellos, por exemplo, como os de Viveiro, de Mondoñedo ou os do Valadouro, que teñen moitos traballos moi ben feitos sobre o seu lendario e hai outros como os de Ourelo ou Trabada que están moito menos estudados. É evidente que os grandes mitos da Mariña están todos: a Maruxaina por suposto, o **conde Santo, Pardo de Cela...**

— **Hai algunha distinción significativa ou dato salientable na mitoloxía da Mariña comparado con outras zonas de Galicia?**

En xeral non. Os **personaxes son os mesmos**. A condición de ser **beiramar** inflúe comparado con outras comarcas que non teñen mar, lóxicamente, pero todo o folclore relacionado coas augas, coas pontes, pozos, cos ríos, é moi parecido en toda Galicia. Están as singularidades do **nome**. Sereas que se chaman Maruxaina só hai unha, Pardo de Cela só hai un, pero digamos guerreiros medievais mitificados **hainos por toda Galicia**, como Pedro Madruga, por poñer un exemplo da mesma época. Non hai máis singularidades que a **localización expresa en lugares patrimoniais** da Mariña e que moitas veces os nomes son, claro, únicos e exclusivos dese lugar ou zona. Os comportamentos de mouros, encantos ou a mitoloxía arredor da morte sempre é moi parecida en todas partes.

— **Comentaba que en certos concellos había tal vez un maior interese por desvelar ou acercar estas figuras mitolóxicas. Como obtivo a información de cara á elaboración do libro? Foi a través de entrevistas orais ou libros?**

Houbo un pouco de todo. Primeiro hai concellos nos que houbo xente que xa traballou as lendas como **Chao Espina** ou **Cunqueiro**, que sen ser un etnógrafo, tirou da lenda do San Gonzalo ou da balea xigante. Na Mariña dende o punto de vista intelectual e de investigación houbo **moitísimo potencial** pero tamén é certo que, por exemplo en **Trabada**, fun eu facer o traballo de campo, un traballo intensivo e breve, porque non había absolutamente nada publicado. Foi a base de **entrevistas** e de **contactos con persoas** que me contaron as historias que están no libro.

— **Moitos dos seus libros están vinculados á mitoloxía e ás lendas, por que ten ese interese no mundo máxico galego?**

Eu non o sabería explicar. O que sempre digo é que eu crieime nunha aldea próximo a un castro, o castro de Zoñán, e evidentemente eu **escoitei historias sendo neno** relacionados cos mouros, túneis subterráneos... e eu creo que aí che queda como unha curiosidade. Moito tempo despois, traballando xa no Museo Provincial, deime conta de que iso era **patrimonio a conservar e estudar** para interpretar e comparar con outras mitoloxías populares do mundo. A partir de aí

naceu o **equipo Chaira** e os traballos de campo na Terra Chá. Con **Xosé Miranda** e **Xoán R. Cuba** fixemos o 'Dicionario de seres míticos galegos' e varias monografías de contos, que ían desde os eróticos ata os de medo, repartidos nunha colección de vinte tomos que editou Xerais na primeira década deste século.

En definitiva, digamos que foi **satisfacer unha necesidade** que viña comigo desde a infancia e que me axudou a **entender** por que me contaban os meus veciños e o meu avó aquelas historias. A min deixoume unha **inquiétude** de por que se crea ese imaxinario que ninguén ve e que desgraciadamente o **mundo urbán rexeita** ou rexeitaba e incluso o mundo rural; para min era ao contrario, parecíame que era onde estaba o **sustento cultural** e a **clave** para entender a cultura popular neste país.

— **Estas figuras teñen un peso importante sobre todo nos máis novos, xa que lles acerca un xeito de entender o mundo que verán nun futuro.**

Os nenos hoxe en día e incluso os nenos das últimas dúas décadas xa teñen outra visión por unha razón moi simple: xa teñen **moita información** a través dos **debuxos animados** e da **literatura** doutras mitoloxías populares do mundo. Igual non saben que un *duende* e un trasno son a mesma figura. É moito máis doado explicarlles o que é un trasno galego porque xa saben o que é un duende, e o mesmo cun trol, un xigante, unha fada e unha moura. Teñen un coñecemento a través do **cinema**, da literatura, da **televisión**, que non tiña a miña xeración porque non tiñamos acceso a esa cultura. Eu tiña doce anos cando vin a televisión por primeira vez.

É lóxico, xa que eles teñen unha **capacidade de comprensión moito máis alta**. O que falta é falarlles do **patrimonio intanxible** da súa contorna. Queda, salvo o traballo moi meritorio dalgún profesor, que é moi de agradecer, **conectalos** con esa contorna e coa súa **simbología** e cos significados da **toponimia**. Eu creo que se se fai cun mínimo de honestidade dándolle a importancia que ten, aínda é conservable moito deste patrimonio a pesar do abandono do rural que afectan **negativamente**. O abandono do rural non é só abandonar as casas, é tamén o seu patrimonio. **Todo se arrastra.**

— **Tal vez algunhas destas figuras ou personaxes foron reemprazados por personaxes que veñen do extranxeiro como poden ser os superheroes.**

Aos medios de comunicación de masas chegan todo tipo de produtos. Hai que explicarlles aos máis novos que aquí tamén **temos lobishomes** e que non só os hai nos filmes de lobishomes do norte de Europa. Aquí temos un coñecemento cultural tradicional de **como se xeran eses monstros** e como actúan; probablemente non moi lonxe da súa casa, a un rapaz pódesele dicir: "Chámase desa maneira porque aí se dixo que un home ou unha muller se transformara en lobo e matara a alguén", e cousas dese tipo.

Trátase de non perder a vista no horizonte permanentemente, tomalo como unha referencia máis sabendo que nós formamos parte da cultura universal desde sempre e que ese tipo de fenómenos do imaxinario **tamén se dan aquí**. Todas esas manifestacións que agora podemos coñecer tamén se producen aquí, por eso se estuda tanto o que é o lendario comparativamente, porque nos fai entender que non somos unha illa, **somos un elemento máis da cultura universal.**

— **Historias universais con elementos xeográficos distintivos.**

Eu sempre digo que a principal distinción da cultura popular galega, e sobre todo da mitoloxía popular, está en **sermos cabo do mundo**. Porque nunha concepción de transición do mundo dos vivos ao dos mortos sempre se consideraba ao máis alá en Occidente; ser o porto de embarque

das almas para o outro mundo da singularidade e iso explicaría a cantidade de santuarios que hai na beira do mar en Galicia, sobre todo na costa Atlántida e tamén na Cantábrica, e a forza que ten a **mitoloxía da morte** aquí. Case todo o mundo oíu falar da **Santa Compañía**.

É dicir, temos un coñecemento a nivel popular bastante considerable sobre a mitoloxía fúnebre por ser precisamente cabo do mundo. Hai outras **singularidades** que xa son de investigadores como os **barcos de pedra** que navegan polo mar, que é un fenómeno que se produce en toda a beira Atlántida europea ata Galicia e que semella que en Portugal xa se perde o mito ou non chegou ou se esqueceu.

Esta publicación en concreto leva unhas notiñas, bibliografía, referencias documentais e os textos. Trátase sobre todo de poñer gañas de interesarse por ese patrimonio.

— **Hai algún tipo de relación entre este tipo de experiencias e as substancias psicoactivas?**

Non, hai moita literatura sobre iso, pero realmente non, aínda que pode haber algún caso no que si. Probablemente perdimos nesta cultura pragmática e racionalista en exceso moitas veces a **capacidade para interpretar o simbólico**. Eu ás veces poño o exemplo, e recoñezo que non é moi válido, de que estamos rodeados de **veciños e de familiares que van á misa** e que creen nas milagres e nos efectos dun santo e póñenlle velas, iso evidentemente é **irracional**, non hai xeito de probar que iso teña efectos. Pero esa persoa pensa que pode telos ou que tradicionalmente lle contaron que os tiña.

O mundo das lendas é algo semellante que na maioría dos casos son **restos de relixións pre-cristiáns** como a vella do Arco da Vella, que son grandes deusas do pasado da que nos quedan detalles, refugалlos, referencias lendarias. Levamos dous mil anos de cristianismo e evidentemente a consideración de demos e malvados téñena encima porque se lles cargou. **É algo que vai con nós:** necesitamos crear un ceo, un paraíso, un inferno, mais iso é puro imaxinario, fantasía colectiva que responde á necesidade do ser humano desde que ten algo de conciencia de non aceptar que **morren cando lles desaparece o alento, que aínda vai haber outras vidas, outras oportunidades**.

Fumos capaces de crear coa imaxinación, igual que se crean palabras, ferramentas, técnicas, espazos colectivos que satisfacen a necesidade de saber, por exemplo, que vai acontecer despois da morte, de igual modo que se crean seres do pasado porque temos a necesidade de saber de onde vimos ou que houbo alí ou por que ese penedo ten esa forma tan rara. Ese imaxinario concrétese nos mitos e lendas.

— **Os quince concellos que forman a comarca da Mariña teñen neste libro un peso importante, non só no eixo narrativo senón tamén á hora de escribilo, ilustralo e publicalo.**

No libro sempre se empeza cada concello cunha **cita** referida ao imaxinario feita por algún autor. Este material pódese organizar de moitas maneiras pero é raro organizalo territorialmente. Dado que eu me ía centrar no **territorio das tres Mariñas**, pareceume oportuno facelo así. Máis que nada chamando a atención sobre ese **localismo** que todos padecemos, aínda que haberá xente que espero que lles interese todo ou boa parte. Non hai outra singularidade máis que o linde administrativo. Creo que é no prólogo onde digo que a Mariña é ese espazo físico que vai entre o mar da Masma e a Serra do Xistral, entre o Eo e o Landro. Estamos organizados en concellos e ás veces funciona o do **reclamo local**.

— **Os textos están acompañados por ilustracións realizadas por Neira Broch. Que pensa que lle pode aportar un artista coma el ao seu libro?**

Eu sempre digo que o ilustrador é o **primeiro lector e o segundo redactor dun libro**: crea unha nova forma de ver o que se conta. O autor do texto está normalmente sempre ao principio, neste caso é así tamén. Se eu conto un conto e ti me escoitas e che gustou, mañá vas a contalo, pero xa non exactamente igual a como cho contei eu, contaralo tratando de melloralo nalgún aspecto ou estilisticamente, é dicir, valo facer teu, vas facer a túa versión. A versión do ilustrador é fundamental, é a versión gráfica do que se conta no libro. Neira Brochs é un señor cunha **longuíssima traxectoria e con moita experiencia de ilustración** e evidentemente fixo un traballo magnífico, ideal para un libro como este.

— **Vai estar asinando exemplares na Feira do Libro de Foz. Que importancia pensa que ten este tipo de actos relativos á cultura?**

Este é un ano raro. O normal sería que este libro fora introducido con **presentacións convencionais con asistencia de público** nos sitios onde hai librerías na Mariña. A Feira de Libro este ano non permite presentacións formais, o que permiten é **sinaturas**. Por tanto este ano é o que se pode facer, para min evidentemente significa que nun programa se da a coñecer e que ese libro existe; de momento non hai ningunha outra forma de dicilo salvo a través dos medios de comunicación. Por tanto este ano estamos baixo mínimos pero é clave que os libros se vexan ou se escoiten falar deles para que a xente o saiba e logo decida. É a **principal oportunidade que imos ter** e toca ir tirando para adiante.